


# GACETA

Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria



## SOLICITUDE DE INGRESO NA AGAMFEC

### Datos persoais

N.I.F. ou Pasaporte:  \*campo obrigatorio      Data de nacemento:

Nome:  \*campo obrigatorio

Apelidos:  \*campo obrigatorio

Enderezo postal:  \*campo obrigatorio


Cidade:  \*campo obrigatorio

Código Postal:  \*campo obrigatorio      Provincia:  \*campo obrigatorio

País:

Teléfono Domicilio:       Teléfono Móbil:       Fax:

E-mail:  \*campo obrigatorio



### Datos profesionais

Centro de traballo:  \*campo obrigatorio

Cargo:  \*campo obrigatorio

Teléfono Traballo:  \*campo obrigatorio

Poboación:  \*campo obrigatorio      Provincia:  \*campo obrigatorio

Ano Licenciatura:  \*campo obrigatorio

Médico Residente:    Si:       Ano de Residencia: <sup>o</sup> \*campo obrigatorio  
    Non:       Titulación:  \*campo obrigatorio

Os datos recollidos, conforme ao previsto na Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, no presente contrato serán incluídos nun ficheiro automatizado cuxo responsable é a AGAMFEC con CIF nº G15136245. A finalidade desta recollida de datos é a xestión das actividades e tarefas de xestión propias da asociación. Así mesmo, o titular dos datos autoriza expresamente a ceder os seus datos identificativos a Congrega, S.L., coa finalidade de xestionar o envío de información das súas actividades e a súa correcta asistencia aos eventos que sexan organizados pola AGAMFEC. En calquera caso, poderá exercer gratuitamente os dereitos de acceso, rectificación e cancelación dirixíndose a AGAMFEC, con enderezo na rúa Rosalía de Castro, 13, 1º esq, CP 15004 da Coruña, achegando fotocopia do DNI e indicando na comunicación "Acceso dereitos LOPD"; ou ben, e con carácter previo a tal actuación, solicitar cos mesmos sinais que lle sexan remitidos os impresos que o responsable do ficheiro dispón para tal efecto.

A cota de inscrición é de 15 € trimestrais (25 € semestrais os MIR de Familia, sendo gratis para os MIR-1). Actualízase segundo o IPC a partir do 01/01/2010. Para iso necesítamola túa autorización para a domiciliación do recibo.  
 Cubra este documento e envíao vía fax ou correo o enderezo abaixo indicado.

### Instrucións para domiciliación do recibo no banco:

Pídlles que con cargo á miña conta/libreta número (20 díxitos):

Entidade	Oficina	D.C.	Conta
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Banco ou Caixa:       Sucursal:

Poboación:       C.P.:       Provincia:

atendan ata novo aviso os recibos que sexan presentados pola Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria.

O titular D./Dona:

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do ano 20\_\_.

Sinatura.

ASOCIACIÓN GALEGA DE MEDICINA FAMILIAR E COMUNITARIA

Rosalía de Castro 13, 1º. 15004 A CORUÑA. Telf.: 981 216 416 • Fax: 981 217 542 • e-mail: agamfec@congrega.es

## XUNTA DIRECTIVA DA AGAMFEC

### **Presidente**

Jaime González Rey

### **Vicepresidentes**

Jesús Sueiro Justel  
Gabriel J Díaz Grávalos

### **Secretaría**

M<sup>a</sup> Victoria Martín Miguel

### **Tesoureiro**

Andrés Manuel Martínez González

### **Vogal de Docencia**

Peregrina Eiroa Patiño

### **Vogal de Grupos de Trabajo**

Francisco Javier Maestro Saavedra

### **Vogal de Investigación**

M<sup>a</sup> Victoria Martín Miguel

### **Vogal WEB**

Gerardo Palmeiro Fernández

### **Vogal de Medicina Rural**

Portal González Lorenzo

### **Vogal de Médicos Xóvenes**

Ángel Piñeiro López

### **Vogais de Residentes**

Vanessa García-Ciudad Young  
Fátima Barcala del Cano

### **Vocal PAPPS y PACAP**

Diego Terceiro López

### **Vocal de Docencia y Formación**

Fernando Souto Mata

### **Vocal de Relaciones semFYC**

Andrés Manuel Martínez González

## SECRETARÍA TÉCNICA DA AGAMFEC

Rosalía de Castro, 13 - 1º Esq.

15004. A Coruña

Teléfono: 981 216 416

Fax: 981 217 542

e-mail: [congrega@congrega.es](mailto:congrega@congrega.es)

## GRUPOS DE TRABAJO DA AGAMFEC

### **1 GRUPO DE ALCOHOLISMO**

Responsable: Jacinto Mosquera Nogueira

### **2 GRUPO DE ATENCIÓN Á MULLER**

Vanessa García-Ciudad Young

### **3 GRUPO DE CIRURXÍA MENOR E VENDAXES FUNCIONAIS**

Responsable: Javier Maestro Saavedra

### **4 GRUPO DE COIDADOS PALIATIVOS**

Responsable: David Vaquerizo García

### **5 GRUPO DE COMUNICACIÓN E SAUDE**

Responsable: Jesús Novo Rodríguez

### **6 GRUPO DE DIABETE**

Responsable: Javier García Soidán

### **7 GRUPO DE DISLIPEMIAS**

Responsable: Alberto J. Del Álamo Alonso

### **8 GRUPO DE HIPERTENSIÓN ARTERIAL**

Responsable: Concepción González Paradela

### **9 GRUPO DE PATOLOXÍA OSTEOARTICULAR E INFILTRACIÓNS**

Responsable: María Jesús Freiría Tato

### **10 GRUPO DE ENFERMIDADES RESPIRATORIAS**

Responsable: César Rodríguez Estévez

### **11 GRUPO DE ENFERMIDADES CARDIOVASCULARES**

Responsable: Luís Fransi Galiana

### **12 GRUPO DA ABORDAXE O TABAQUISMO**

Responsable: Xulio Castañal Canto

### **13 GRUPO DE URXENCIAS**

Responsable: Fernando Souto Mata

### **14 GRUPO DE VIOLENCIA DE XÉNERO**

Responsable: Rosana Izquierdo Fernández

### **15 GRUPO DE BIOÉTICA**

Responsable: Pilar Vázquez Pumariño

### **16 GRUPO DE ENFERMIDADES NEFROUROLÓXICAS**

Responsable: Mónica Diosdado Figueiredo

### **17 GRUPO DE RESPONSABILIDADE PROFESIONAL**

Responsable: Vital Diéguez Pereira

### **18 GRUPO DE ENFERMIDADES INFECCIOSAS**

Responsable: Marina Cid Sueiro

### **19 GRUPO DE ACTIVIDADE FÍSICA E SAUDE**

José Luís Delgado Martín

### **20 GRUPO DE DERMATOLOXÍA**

Fátima Barcala del Caño

### **21 GRUPO DA DOR**

Gabriel Calvo Mosquera

### **22 GRUPO DE ALIMENTACIÓN E NUTRICIÓN**

M<sup>a</sup> José López-Villalta Lozano

### **23 GRUPO DE SAUDE MENTAL**

M<sup>a</sup> José Veleiro Tenreiro

### **24 GRUPO DE SEGURIDADE DO PACIENTE**

M<sup>a</sup> Dolores Martín Rodríguez

## ¿QUE É A AGAMFEC?

A agamFEC é unha asociación médica científica e profesional, sen ánimo de lucro, que vela polo adecuado desenvolvemento da Medicina Familiar e Comunitaria en Galicia. É algo máis ca unha axencia prestadora de servizos ou que unha asociación defensora de intereses corporativos.

A agamFEC busca sumar esforzos e ilusións. Pretende reunir e representar a todo o colectivo médico de Atención Primaria e servir de canle para asumir a corresponsabilidade no proceso de mellora e modernización da nosa sanidade.

A agamFEC quere xogar un papel fundamental no desenvolvemento da Medicina de Familia e Comunitaria e da Atención Primaria en Galicia, aglutinando aos especialistas en MFC e demais profesionais de Atención Primaria do noso país, e asumindo a súa defensa e representación.

A agamFEC está dirixida por unha Xunta Directiva renovable cada dous anos. Artículase en Seccións (Docencia, Investigación, PAPPs, Prensa e Relacións coa semFYC) e Grupos de Traballo, coa pretensión de canalizar a máxima participación dos seus asociados.

A agamFEC está integrada na estrutura federal da semFYC, sociedade que agrupa ás 17 sociedades autonómicas do estado, constituindo a sociedade científica médica de maior actividade e implantación, chegando na actualidade a reunir a 15.000 profesionais de todo o estado español.

### ¿Cales son os fins da agamFEC?

- Promocionar e fomentar o progreso da medicina de familia e comunitaria, e da Atención Primaria, divulgando e impulsando os coñecementos da especialidade e os seus principios.
- Representar os intereses dos seus membros no marco das leis e ante os organismos das Administracións Públicas Sanitarias e docentes e outros órganos ou entidades nacionais e internacionais públicos ou privados.
- Servir de órgano informativo respecto das funcións e fins da especialidade, e realizar cantas tarefas se lle encomenden, colaborando con entidades públicas ou particulares mediante elaboración de estudos, informes ou propostas.
- Procurar a harmonía dos especialistas e asociados, organizar actividades de carácter profesional, de investigación, formativo, cultural ou asistencial co fin de acadar os obxectivos anteriores en colaboración coas administracións públicas, centros de saúde, hospitais, Colexios de Médicos, Facultades de Medicina e demais sociedades científicas.
- Fomentar e procurar a participación de todos os asociados nas distintas actividades e tarefas da Asociación, a fin de conseguir o mellor cumprimento destes obxectivos.

### ¿Que ofrece a agamFEC aos seus asociados?

A mellora profesional a través das distintas actividades é o maior beneficio que o socio pode conseguir da agamFEC.

Esto pode lograrse a través de:

- Actividades de formación continuada nas que o socio participa (congresos, debates, cursos...) tanto en calidade de asistente como de ponente.
- Fomentando a investigación, potenciada a través dos congresos anuais da agamFEC, a través de apoio metodolóxico, convocatorias de becas...
- Favorecendo a participación e o intercambio de experiencias entre os socios por medio dos Grupos de Traballo e outros foros que se constitúan.
- Proporcionando material científico e publicacións elaboradas e editadas pola agamFEC e a semFYC.

Actualmente os socios da agamFEC reciben de xeito gratuito nos seus domicilios as seguintes publicacións periódicas:

- Cadernos de Atención Primaria
- Atención Primaria
- Os socios da agamFEC reciben tamén os Documentos semFYC, así como información das actividades que a Asociación realiza e outras informacións de interés para os médicos de familia.
- Outro beneficio que o socio pode obter son os descontos para asistencia ás actividades que a Asociación organiza: congresos, cursos, xornadas de residentes, talleres...
- A pertenza á agamFEC ofrece a posibilidade de participar nos grupos de traballo e de participar nas distintas actividades que a Asociación poña en marcha. Tamén pode o socio participar na Asamblea Anual que se organiza xeralmente coincidindo co Congreso autonómico, así como participar na elección dos membros da Xunta Directiva.

### ¿Quen pode asociarse á agamFEC?

Poden ser socios da agamFEC todos os médicos que traballen ou estean relacionados coa Atención Primaria de Saúde e que realicen o seu traballo na Comunidade Autónoma de Galicia, sexan ou non especialistas en Medicina Familiar e Comunitaria, e que estean dacordo cos obxectivos que a Asociación persigue.

Para ser socio da semFYC hai que selo necesariamente a través de algunha sociedade autonómica federada. Todos os asociados da agamFEC son, polo tanto, tamén socios da semFYC.

Os membros da Asociación teñen os seguintes dereitos:

- Ostentar a calidade de membro e asistir ás sesións que a Asamblea Xeral celebre.
- Participar nas actividades e actos da Asociación.
- Ser candidato nas eleccións para órganos da Asociación.
- Ser informado das actividades e planos da Asociación.

A cota de asociado é de 15 euros ao trimestre.

Os residentes da especialidade de Medicina de Familia e Comunitaria poden ser socios da AGAMFEC de maneira gratuita durante o primeiro ano de MIR.

Para contribuir á mellora da Atención Primaria en Galicia:

**¡Asóciate a AGAMFEC!**

## ACTIVIDADES DA AGAMFEC

### COMISIÓN GALEGA DE TUBERCULOSE

AGAMFEC está presente na Comisión Galega de Tuberculose a través do seu representante, o Dr. Joam Casas, membro do Grupo de Traballo de Enfermidades Infecciosas. Esta Comisión, formada por uns vinte membros da administración e de sociedades científicas e profesionais, é un órgano de apoio e colaboración coas entidades encargadas de executar as tarefas para a prevención da infección e da enfermidade tuberculosa. O seu obxectivo é facilitar a realización das accións necesarias para diminuír a propagación desta infección, garantir a atención sociosanitaria das e dos afectados, e mellorar a súa calidade de vida nunha contorna favorable.

### PLAN ESTRATÉXICO DO SERGAS

Este documento pretende recoller as principais liñas estratéxicas e de actuación para os próximos anos, ?co obxectivo fundamental de situar ao paciente como eixo do sistema e para ofrecerlle a toda a cidadanía galega unha asistencia sanitaria pública de calidade?, segundo a propia Consellería. AGAMFEC estivo presente, a través do seu Presidente e xunto a outras sociedades científicas, nas reunións de preparación do mesmo.

### XVIII XORNADAS DE PRIMAVERA DE SEMFYC

Os días 25-27 de Marzo celebráronse as XVIII Xornadas de Primavera de semFYC. Coa representación do seu Presidente, AGAMFEC estivo presente nas mesmas. Tratáronse 4 temas de actualidade para a Atención Primaria:

- Indicadores de avaliación AP21 e propostas de mellora
- Dinámica Federal: Normalización de procesos e toma de decisións
- Incapacidade Temporal
- Fusión de Sociedades

Nestas Xornadas produciuse a toma de posesión definitiva de Josep Basora como novo Presidente de semFYC.

### SUBDIRECCIÓN XERAL DE DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

O 26 de marzo de 2010 mantívose unha reunión entre o Subdirector Xeral de Investigación, Docencia e Innovación, D Javier José Paz e os representantes de diferentes sociedades científicas. Por parte de AGAMFEC acudiu o seu Vogal de Docencia.

### COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO PLAN DE MELLORA

AGAMFEC seguiu participando nas reunións de seguimento do Plan de Mellora a través do seu Vicepresidente e Vogal de Relacións Institucionais.

### MANUAIS DE FUNCIONAMENTO DOS COMITÉS ORGANIZADOR E CIENTÍFICO DAS XORNADAS DE AGAMFEC

Concluír a elaboración dos Manuais de funcionamento dos Comités Organizador e Científico das Xornadas de AGAMFEC. Estes documentos, elaborados pola Xunta Directiva da Sociedade, pretenden ser unha ferramenta que facilite a complexa tarefa de organizar e levar adiante cos mellores resultados posibles os congresos da nosa Sociedade.

### XII XORNADAS DE RESIDENTES DE AGAMFEC

O pasado 5 de marzo tiveron lugar en Santiago de Compostela as XII Xornadas de Residentes de AGAMFEC coa participación de máis de 180 especialistas en formación de Medicamento de Familia e Comunitaria das 4 provincias galegas.

Nesta edición, temas como a Videograbación como ferramenta básica para a mellora da comunicación na entrevista clínica, así como talleres de como afrontar situacións de urxencias como Código Ictus e Soporte Vital Avanzado, foron moi demandados polos asistentes.

Ademais, abordáronse dous clásicos na Medicina de Atención Primaria como son a intervención en pacientes diabéticos e en alérxicos, dous temas que presentan unha alta demanda nas consultas dos centros de saúde.

Desde a Vocalía de Residentes de AGAMFEC queremos agradecer a crecente participación e implicación mostrada polos nosos compañeiros residentes.

### 1ª XORNADA DE GRUPOS DE TRABALLO DE AGAMFEC

O 23 de xaneiro celebrouse a 1ª reunión dos Grupos de Traballo de AGAMFEC, onde se reflexionou sobre diferentes aspectos da actividade dos Grupos de Traballo, o seu financiamento, organización, etc.

### AGAMFEC EN FACEBOOK

AGAMFEC xa está en Facebook. Adaptándose ás novas tecnoloxías, a nosa Sociedade xa está presente nun dos sitios web máis visitados.

### ATENCIÓN CONTINUADA E URXENCIAS

Numerosos médicos de familia exercen a súa actividade en dispositivos de atención continuada e urxencias. Por outra banda, a atención a urxencias é parte básica da atención primaria. Para mellorar a capacidade de formación do Grupo de Urxencias de AGAMFEC, procedeuse a

realizar un importante investimento económico (ao redor de 20.000?) en material que será utilizado nos cursos que imparte.

#### XIV XORNADAS DE RESIDENTES DE SEMFYC

Os próximos días 7 e 8 de maio, terán lugar en Santiago as XIV Xornadas de Residentes de Semfyc- I Xornadas de Mozos Médicos de Familia.

Nesta ocasión reuniranse na Facultade de Medicina, de forma conxunta, residentes e novos especialistas de Medicamento de Familia e Comunitaria onde compartirán experiencias e actividades científicas en talleres e sesións clínicas como: Atención ao Politrauma, Manexo de Arritmias, Vendaxes Funcionais, Inmigración e Enfermidades Tropicais entre outros.

Por outra banda, aproveitaremos para achegar aos estudantes de medicamento a nosa especialidade, unha das grandes descoñecidas durante a formación de pregrado.

Esperámosvos a todos en Santiago para compartir unha especialidade: Medicina de Familia e Comunitaria.

#### XV XORNADAS GALEGAS DE MEDICINA FAMILIAR E COMUNITARIA

Os próximos días 12 e 13 de novembro terán lugar as XV Xornadas de AGAMFEC na Coruña. Ao longo dos próximos meses irase terminando de perfilar o programa das mesmas. A continuación detallamos o Avance do mesmo.

##### AVANCE PROGRAMA

##### Venres 12 de Novembro

- 09.00 Recollida de documentación
- 09.30-13.30 **Talleres**
- Taller 1. Atención a Pacientes politraumatizados. Grupo de Urgencias da AGAMFEC
  - Taller 2. Ferramentas Diagnósticas en Enfermidades Respiratorias dispoñibles en Atención Primaria: Radioloxía, pulsioximetría e espirometría. Grupo de Respiratorio da AGAMFEC
  - Taller 3. Actualización en ACO. Aspectos legais da pílula do día despois. Grupo da muller da AGAMFEC
  - Taller 4. Atención ao paciente inmigrante e viaxeiro.
- 11.30-12.00 Pausa café e visita a exposición comercial
- 12.00-13,30 **Talleres** (Continuación).
- Taller 1. Atención a Pacientes politraumatizados. Grupo de Urgencias da AGAMFEC

Taller 2. Ferramentas Diagnósticas en Enfermidades Respiratorias dispoñibles en Atención Primaria: Radioloxía, pulsioximetría e espirometría. Grupo de Respiratorio da AGAMFEC

Taller 3. A obesidade como problema de saúde

Taller 4. Atención ao paciente emigrante e viaxeiro.

14.00-16.00 Comida

16.00-17.00 **Lectura de Comunicaci3ns**

16.00-16,30 **Asemblea da AGAMFEC**

16,30-18.00 **Mesa de actualizaci3n**

Dor-paliativos/deterioraci3n cognitiva

18.00-18,30 Pausa café e visita a exposici3n comercial

18.30-20.00 **Mesa actualizaci3n**

Enfermidades Cardiovasculares

20.00 **Acto de Inauguraci3n de Congreso**

21.30 Cea

##### Sábado 13 de Novembro

09.00-10.00 **Comunicaci3ns**

10.00-12.00 **Talleres Curtos**

Taller 1. Habilidades en Urgencias. Grupo de Urgencias da AGAMFEC

Taller 2. Exploraci3n vascular para médicos de AP. Grupo de ECV da AGAMFEC

Taller 3. Tratamento con Insulina en AP. Grupo de Diabetes da AGAMFEC

Taller 4. Exploraci3n osteomuscular de nocello, xeonllo e cadeira

12.00-12.30 Pausa café e visita a exposici3n comercial

12.30-14.00 **Mesa debate**

Mesa debate: A Medicina de Familia do S XXI: ¿Onde está o médico de cabeceira??

14.00 **Acto de Clausura**

14.30 Cóctel despedida

##### XI SEMANA SEN FUME

##### ¡PONLLE DATA!. XUNTOS PODEMOS

Un ano máis poñemos en marcha a SEMANA SEN FUME, nesta edición co lema **¡PONLLE DATA! XUNTOS PODEMOS** do 24 ao 31 de maio de 2010.

Os obxectivos son:

- Sensibilizar a toda a poboaci3n da importancia que ten para a súa saúde a **non exposici3n ao aire contaminado polo fume do tabaco** o tabaquismo pasivo.
- Sensibilizar aos fumadores da **importancia do abandono do tabaco** que ten para a súa saúde actual e futura.
- **Motivar aos profesionais sanitarios** para que realicen

intervencións sobre os fumadores e sobre a prevención do tabaquismo pasivo.

- **Informar aos fumadores** de que no seu centro de saúde podemos axudar a deixar de fumar.
- Divulgar a **importancia da función modélica** de todos os profesionais que traballamos nos centros sanitarios.

Co lema deste ano, os médicos dos centros de saúde queremos ofrecer a nosa axuda a todas as persoas fumadoras para dar ese paso que suporá a mellor decisión para vivir máis anos e mellorar a calidade de vida dos nosos pacientes.

Colaborando coa presente campaña estarás contribuíndo ao control deste problema de saúde pública que tanto sufrimento provoca na sociedade.

Os **materiais** para esta edición, dispoñibles xa na web [www.semanasinhumo.es](http://www.semanasinhumo.es), son:

- **Pósteres.**
- **Proposta de actividades** para por en marcha dende o centro de saúde.
- **Dípticos informativos** para entregar aos pacientes.
- **Guía para o tratamento do tabaquismo activo e pasivo de semFYC** cunha referencia no algoritmo para a actuación no tabaquismo pasivo.

Un ano máis convócanse os **concursos de relatos breves** en relación co abandono do tabaco e da mellor imaxe e fotografía relacionada con algunha actividade desenvolvida perante a celebración da XI semana sen Fume. As bases dos concursos están dispoñibles na paxina web.

### Porqué nosotros no

Por outra banda o Ministerio de Sanidade parece que está disposto a reformar a Lei de xeito que todos os locais de ocio estean libres de fume de tabaco. Actualmente 212 millóns de europeos xa se encontran nesta situación. **“Porqué nosotros no?”** é o lema da campaña que organiza o “Comité Nacional de Prevención del Tabaquismo” (CNPT) no que Semfyc, e polo tanto Agamfec, participan activamente.

En Decembro do pasado ano non sabíamos aínda se para Maio xa estaría en vigor a reforma da Lei, polo que optamos por un lema da Semana sen Fume que non tocasse a necesidade de que todos os locais públicos estivesen sen fume de tabaco, no que xa incidiramos nas dúas últimas edicións.

Agora xa sabemos que a Lei non vai saír neste primeiro semestre e que as cousas non están tan claras. As presións das multinacionais do tabaco calan nunha parte da sociedade sobre todo no sector da hostalería que temen perder beneficios a pesares da experiencia contraria nos países europeos que xa avanzaron na lexislación.

Na páxina web [www.porquenosotrosno.org](http://www.porquenosotrosno.org) dispomos de follas de recollida de sinaturas en apoio da ampliación da Lei. Existen ligazóns dende as webs de semFYC e da AGAMFEC.

### As enquisas

Este ano tamén estamos comprometidos coas enquisas que facemos habitualmente.

É moi importante este compromiso xa que dende o pasado ano estamos facéndoas de tal xeito que teñan ademais dunha repercusión mediática, uns mínimos criterios para poder ter validez estatística. Para o que compre que na Galiza teñamos un mínimo de enquisas, por enriba das 600, para poder tirar conclusións válidas para o noso País. A forma de recollida ven pormenorizada na páxina [www.semanasinhumo.es](http://www.semanasinhumo.es) no epígrafe de “encuesta”.

As enquisas serán recollidas e introducidas da web, entre o 15 de marzo e o 30 de abril de 2010, aínda que para acadar o obxectivo estatístico, probablemente, teremos que seguir recolléndolas despois desa data.

Por último teño que agradecer vos de antemán a vosa valiosa colaboración.

Un cordial saúdo.

*Xulio Castañal Canto*

Coordinador estatal da XI Semana sen Fume.

www.agamfec.com



www.agamfec.com

actualizada para ofrecerche  
mellor servizo e máis información